



Presentación do documental

Axudádeme a cantar

Serán dos namorados de Toutón

Casa cultural da parroquia de Toutón

Toutón, Mondariz (Pontevedra)

Sábado, 11 de febreiro de 2023 - 19:00 horas

40 anos coa cultura galega



Axudádeme a cantar é un documental de seis capítulos que pretende poñer en valor o canto acompañado con percusión de man, unha forma de literatura oral tradicionalmente feminina que gozaba (e goza) dunha extensión e diversidade importantes no territorio galego. Neste documental de seis capítulos contamos coa colaboración de tocadoras tradicionais e de participantes en procesos de recollida e divulgación, así como de artistas modernas que beben das fontes desta tradición, falan das súas experiencias e comparten a súa arte connosco. Renée DePalma, Xulia Feixoo e Carme López, directoras do proxecto, achéganse ao Serán dos Namorados de Toutón para presentalo e debullar coas persoas asistentes o pasado e o presente da festa tradicional.

Eu e mais ti, compañeira
Eu e mais ti, camarada
Eu e mais ti, compañeira
Facemos a foliada
(Castrelo, Vimianzo)
Recollida por Xabier Díaz

Capítulos da serie documental:

- **CAPÍTULO 1. O SERÁN EN TOUTÓN: PASADO E PRESENTE DA FESTA TRADICIONAL**
- **CAPÍTULO 02. A FESTA DA PANDEIRA: CELEBRANDO A RECUPERACIÓN DUN INSTRUMENTO**
- **CAPÍTULO 03. PANDEIRADA EN LIÑARES: CANTO, IDENTIDADE E EMIGRACIÓN**
- **CAPÍTULO 04. HISTORIA DA COMPILACIÓN MUSICAL NOS GRUPOS FOLCLÓRICOS**
- **CAPÍTULO 05. AS NOVAS RAÍCES: RESOCIALIZANDO O RURAL A TRAVÉS DA MÚSICA TRADICIONAL**
- **CAPÍTULO 06. DAS ALDEAS AOS ESCENARIOS: A MÚSICA DE TRADICIÓN ORAL NO PANORAMA MUSICAL GALEGO**

Programa

19:00 horas

Presentación do proxecto documental *Axudádeme a cantar: seis historias arredor da música de tradición oral en Galicia*

Renée DePalma, Xulia Feixoo e Carme López, directoras do proxecto
Lucinda Barcia Garrido “do Peseto” e Montse Alvariño, protagonistas do capítulo

19:30 horas

Proxección audiovisual (duración 08:00 minutos)

- **CAPÍTULO 1. O SERÁN EN TOUTÓN: PASADO E PRESENTE DA FESTA TRADICIONAL**

A tocadora tradicional Lucinda Barcia Garrido “do Peseto” e a súa filla Montse Alvariño cóntannos neste vídeo a súa iniciativa de revitalización do Serán dos Namorados en Toutón (Mondariz), motivada polas primeiras recollidas nesta pequena localidade en 1996. Dende a cociña e o xardín dunha casa da vila, onde os seráns formaban parte fundamental da vida

social da comunidade, estas informantes mostran algúns cantos e toques típicos da zona, transmitidos de xeración en xeración. Cantan acompañadas coa pandeireta e co legón —unha ferramenta agrícola transformada en instrumento musical— e comparten as súas lembranzas como participantes nas festas de tempos pasados, interrompidas pola desaprobación institucional e polos cambiantes modos de socializar. Porén, en Toutón, estas tradicións non se deixaron morrer, como nos explican estas dúas mulleres, que transmiten a alegría de crear un evento anual que recupera o espírito desta práctica histórica: bailar, tocar e pasalo ben, en boa compañía.

20:00 horas

Inicio da festa

Organiza

Consello da Cultura Galega
Sección de Lingua, Literatura e Comunicación (CCG)

Lugar

Casa cultural da parroquia de Toutón
Mondariz

Créditos

- DIRECCIÓN: Renée DePalma, Xulia Feixoo e Carme López
- FOTOGRAFÍA: Olaia Tubío
- PRODUCCIÓN E MONTAXE: Alejandro Gándara
- SON: Xandre Táboas e Gloria Tavares
- ETALONAXE: Leticia T. Blanco
- SUBTITULADO: Lucía Correa Rodríguez

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

ACCEDE AOS CAPÍTULOS:

<http://consellodacultura.gal/especiais/axudademe-a-cantar/>



Organiza:



Colaboran:



**Concello de
Mondariz**